

**Ponteareas instalará
31 puntos wifi nas
parroquias**

Páxina 2

**Iniciados os traballos
do parque forestal de
A Picaraña**

Páxina 7

**Salceda recolle a súa
tradición oral nun
libro-CD**

Páxina 9

**O CEIP de Atios
recupera a vivenda da
planta alta do centro**

Páxina 11

**O xeodestino Ría de
Vigo e Baixo Miño
arranca en Fitur 2019
o seu Plan Estratéxico**

Páxina 14



Salvaterra contará coa primeira piscina ecolóxica de Galicia

Páxina 4

Óptica mahen

mahen audíoprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

CONDADO/PARADANTA

Cómics e relatos para enriquecer os tempos de espera na sala de pediatria

A concelleira de Sanidade e Seguridade Cidadá, Vanesa Fernández, entregou un lote de libros e cómics ao centro de saúde de Ponteareas para a sala de espera da área de pediatria.

Dende contos didácticos para bebés a cómics de aventuras ou li-

bro de relatos, todos eles en galego para comezar o ano dedicando estes pequenos intres ao mundo máxico da lectura.

Vanesa Fernández entregou este lote de libros ao xefe de servizo do centro de saúde local, Carlos Pérez, e ao coordinador do servizo, Alfonso Porto, coa intención de seguir realizando entregas cando se precisen. "Calquera recuncho ou momento é bo para fomentar a lectura e os bos hábitos. Un bo libro pode transmitir valores importantes ou contribuir favorablemente a desenvolver a creatividade da infancia e da mocidade".

No centro de saúde de Ponteareas ademais da atención dos 13 médicos de familia, contan con tres pediatras, dous odontólogos, unha farmacéutica, once enfermeiras xerais, tres enfermeiros de pediatria, unha traballadora social, dúas matronas, tres fisioterapeutas, dous hixienistas dentais, tres técnico auxiliar de enfermería, un celador, 5 PSX, dous auxiliares administrativos, un técnico de RX ademais dos oito médicos xerais, sete enfermeiros e catro celadores-PSX



do P.A.C (urxencias). "Este cadro de persoal repártese en horario de mañá, de tarde e urxencias nas áreas de medicina xeral, fisioterapia, RX, farmacia, odontoloxía e extraccións periféricas, entre outros servizos de apoio como as citoloxías, espirometrías, ciruxías menores, ecografías, MAPA ou TAO (sintrom)".

A concelleira adianta que todo este persoal atende non só aos 23.000 ponteareáns que viven no concello se non tamén ao resto da poboación da comarca que ten como referencia este centro para as urxencias e mesmo para a pediatria como se está a producir nos momentos en que vilas como Mondariz ou Covelo non teñen pediatra. "A Xunta está obrigando aos centros de saúde de referencia a estar colapsados e desbordados véndose que sen incrementar o número de persoal nen mellorar as instalacións deben atender moitos máis pacientes que se suman dos previstos a diario ao recortar en concellos con menor poboación".

O Concello contrata a instalación de 31 puntos wifi e equipos informáticos nas parroquias

Serán instalados nas casas culturais para facilitar o acceso á rede no rural

A concellería de Novas Tecnoloxías, que dirixe Benito Márquez, adxudicou a instalación de 31 puntos wifi, equipamentos informáticos e o seu mobiliario nas casas culturais das parroquias do Concello.

A iniciativa supón un investimento de 106.000 euros con cargo aos fondos europeos do programa "Ponteareas, Hábitat Saudable".

Con esta acción, o Concello pretende achegar as novas tecnoloxías ás parroquias e conseguir a alfabetización dixital nun intre no que se comeza a xeralizar a tramitación electrónica coas administracións. "Na actualidade aínda é moita a veciñanza do rural que carece nos seus fogares de equipos informáticos e conexión a internet. Dando este servizo nas Casas Culturais a xente poderá relacionarse telematicamente e de balde coa administración", sinalou o concelleiro.

Con esta medida ademais o Concello faise cargo da conexión a internet para os usuarios das Casas Culturais, un servizo que agora asumían e pagaban as propias asociacións alí onde contaban con el. Márquez salientou



que con esta iniciativa "aseguramos a igualdade no acceso aos servizos no rural, facilítase a atención aos cidadáns fóra dos horarios presenciais do Concello, reducindo os desprazamentos e o consumo de papel".

O sistema de rexistro para acceder á wifi será centralizado, de modo que calquera cidadán poderá acceder a Internet en calquera casa cultural diferente daquela na que se rexistrou. O acceso conta cun sistema de validación e navegación que ofrece total seguridade ao veciño que se conecte.

A Concelleira de Cultura, Hortensia Bautista tamén comunicou a previsión de manter un encontro coas Xuntas Directivas das Casas e Centros Culturais para facilitar toda a información e coordinar a posta en servizo dos puntos wifi.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

PONTEAREAS

Represas di que a ampliación da depuradora se licitará en 2019

O Alcalde amosouse convencido de que a ampliación da depuradora de Ponteareas se licitará durante este ano 2019. Despois de meses de negociación entre Concello e Ministerio para a Transición Ecolóxica, o proxecto de ampliación foi contratado en 2018 pola Confederación Hidrográfica. Agora o proxecto xa foi redactado e entregado e será analizado nas vindeiras semanas polas dúas administracións.

A previsión é que a obra, que ascendería a uns 4,5 millóns de euros, sexa cofinanciada entre o Ministerio (60%), Concello (20%) e Xunta de Galicia (20%) e se licite neste ano 2019. Para a Confederación trátase dun dos seis proxectos prioritarios en Galicia. Segundo o Alcalde "estamos diante dunha obra crucial para sanear o río Tea e poñer fin aos vertidos que se producen na depuradora desde 1995, cando se inaugurou".

Eses vertidos son consecuencia da incapacidade da depuradora para tratar todo o caudal de augas residuais que recibe, pois foi dimensionada para 10.000 habitantes e recibe as augas de máis de 15.000 habitantes. Para solucionar este grave problema ambiental é necesario ampliar a depuradora.

Xosé Represas amosouse satisfeito porque "aínda que este problema non o creamos nós, nin se pode re-



solver en catro anos de mandato, conseguimos xa poñer as bases da solución definitiva".

Esta mesma semana a Confederación Hidrográfica notificou ao Concello a apertura dun novo expediente sancionador polos vertidos da depuradora. Represas agarda que "non se impoñan novas sancións. En lugar de gastar en multas debemos gastar en solucións e en pagar ese 20% da ampliación da depuradora. As multas non son unha solución, ao contrario, son un lastre para dar a solución". Neste sentido sinalou que "non tería sentido que a Confederación encargue o proxecto e financie a obra que soluciona o problema e que, sabendo que a solución está en marcha, impoña ao mesmo tempo sancións". O Alcalde dixo ademais "non entender que escuras razóns moven ao grupo ecoloxista Adenco e o seu presidente Anxo F. Saborido a denunciar por sistema a este goberno cando saben que somos os primeiros que buscamos unha solución e conseguimos que xa estea en marcha".

Finalizado o plan de axuste económico do Concello, en vigor desde 2013

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, anunciou a finalización do plan de axuste económico do Concello, en vigor desde 2013.

O rexedor local lembrou que en 2012 Ponteareas se acolleu ao plan de pagos a provedores posto en marcha polo ministro Montoro. Desea maneira, "os millóns de débedas que tiñamos con empresas e autónomos foron abonadas polo Estado e o Concello tivo que devolver ese diñeiro durante estes anos", aclara o Alcalde.

En 2013, para facer fronte a máis débedas, o Estado autorizou ao concello a formalizar un préstamo de 210.000 euros a devolver en 10 anos, impoñendo a aprobación dun plan de axuste que conlevaba subir impostos e facer recortes esixidos polo Estado, quen controlaba así as contas municipais.

"Ese préstamo e o seu plan de axuste aprobouse para facer fronte a gastos como as orquestras das festas e a iluminación do Nadal de 2013, a edición do calendario dese ano, pins, medallas e chaveiros e incluso gastos da televisión municipal" explicou Represas.

O alcalde sinalou que "grazas á nosa xestión destes tres anos e medio, o pasado mes de decembro cancelamos totalmente ese préstamo de forma anticipada, catro anos antes do previsto, poñendo fin ao plan de axuste". Represas amosouse moi satisfeito porque "desta maneira non teremos que pagar os xuros e ademais recuperamos a autonomía sobre a nosa facenda. Agora o Estado xa non nos pode esixir nin



O Concelleiro de Facenda e Persoal, Francisco Floreal Alonso Pedreira.

recortes nin subas de impostos".

O alcalde destacou que "pasamos dun tempo no que se creaban débedas millonarias a unha situación actual na que nos podemos permitir pagar os préstamos antes de tempo. Supuxo un grande esforzo para os ponteareáns que nestes anos non puideron ver investimentos en obras e servizos, pero agora o concello está saneado e normalizado e os cartos por fin se adicarán neste ano 2019 a atender necesidades prioritarias".

Represas anunciou que nas vindeiras semanas, unha vez os servizos económicos do concello pechen o exercicio de 2018, "farase pública toda a información que demostra o saneamento económico do Concello". O alcalde adiantou xa que "no noso mandato logramos saldar toda a débeda co Estado polo pago a provedores, a millonaria débeda coa seguridade social, millóns de euros de débedas non contabilizadas ou derivadas de sentenzas xudiciais recentes e, agora, o préstamo do plan de axuste".

FUCO PRADO



CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra contará coa primeira piscina ecolóxica de Galicia

Terá dimensións olímpicas de 50x25 metros e está situado no río Miño

O Concello de Salvaterra de Miño instalará unha piscina ecolóxica de dimensións olímpicas, de 50 por 25 metros, o que supón aproximadamente 1.250 metros cadrados de área habilitada para o baño. É a primeira piscina ecolóxica en Galicia, con auga natural, non tratada como en piscinas convencionais que poden producir intolerancias nos bañistas.

Estará situada na marxe dereita do río Miño, á altura das instalacións deportivas e das piscinas municipais. Esta plataforma flotante permitirá o baño no mesmo río Miño de veciños e visitantes e complementarase coa área próxima de céspede da beira do río onde se poderá tomar o sol e descansar.

Para limitar a zona de



baño do río Miño, colócase unha plataforma extraíble feita de cubos flotantes ao redor do perímetro. A zona de baño estará conectada a terra por un corredor do mesmo material de 6 metros de longo e 3 de ancho. No bordo da estrutura da plataforma instalaranse varandas

de 1 m de altura colocando cabos de nylon entre eles para delimitar o perímetro e evitar que se caia na auga.

A zona habilitada para o baño estará dispoñible de xuño a setembro. Terminada a tempada de verán, e antes de que comecen as inundacións do río, a instalación

será desmontada.

O Concello solicitou a autorización da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Deste xeito, a piscina ecolóxica será unha nova atracción para visitar a vila de Salvaterra á que van visitantes do área de Vigo. Ademais, a ponte internacional que conecta con Monção é percorrida diariamente por 10.000 vehículos.

Esta zona tradicional de baño, xunto ás instalacións deportivas, as piscinas municipais e o parque de A Canuda, coa piscina ecolóxica serán máis frecuentadas. O baño no río Miño será deste xeito máis seguro e agradable, coa posibilidade de utilizar a área próxima á ribeira.

Obradoiro sobre elaboración de pan de millo da asociación Quinta do Piñeiro

A Asociación quinta do Piñeiro de Corzáns seguirá coa elaboración de obradoiros de pan de millo. O primeiro obradoiro levarase a cabo o vindeiro sábado 16 de febreiro, a partir das 15:00 horas. Nel os participantes poderán elaborar unhas "broas" totalmente artesanais, cocidas nun forno de leña.

Ao remate, os asistentes gozarán dunha cea ao pobre, que consta de ovos fritos, chourizos e pan de millo.

O prezo do obradoiro e da cea será de 20€ por persoa, este diñeiro irá destinado a financiar a Festa da Sementeira 2019. Na cal se celebrara os vindeiros 11 e 12 de maio.

As prazas son limitadas e o prazo de inscrición estará aberto estará aberto ata o día 13 de febreiro a través do facebook da asociación: Quintadopiñeiro Sementeira Corzáns ou mediante os seguintes teléfonos: 637764865 ou 686939855.

Inverno de Cine en Salvaterra de Miño

O programa 'Inverno de cine' é o ciclo gratuito da concellería de Cultura de Salvaterra de Miño que ofrece 21 películas as fins de semana con sesións os sábados ás 22.00 horas e os domingos ás 17.00 horas, entre o 19 de xaneiro ao 31 de marzo, no Salón da Casa da Cultura de Salvaterra.

'Inverno de cine', novo proxecto de ocio e cultura, está enfocado a toda a poboación, maiores, cativos, familias, grupos de amigos ou a esa persoa que busca unha alternativa diferente e asequible.

Para poder ofrecer cine, o

Concello de Salvaterra dotou a Casa da Cultura dunha infraestrutura específica para acoller este novo proxecto. Así nos últimos meses instalouse unha pantalla de gran formato (5 metros), modernizouse o equipo de son e renováronse as cadeiras do salón con 200 novos lugares, co fin ofrecer a máxima comodidade posible.

Agora con este Ciclo gratuito de Cine, o Concello de Salvaterra busca ser un referente na contorna e dar unha nova opción de ocio aos nosos veciños e veciñas. En 'Inverno de cine' atópanse os últimos estrenos coas películas máis

recomendadas do ano 2017. Os xéneros van dende o drama, pasando pola animación, ciencia



ficción, acción, comedia dramática, fantasía, suspense, comedia e aventura con directores como Woody Allen, Timothy Reckart, Rian Johnson, Álex de la Iglesia, Isabel Coixet, Vicente Villanueva..., entre outros.

En xaneiro proxectaronse as películas "Wonder Wheel", drama dirixido por Woody Allen, "Se Armó el Belén", unha animación familiar de Timothy Reckart, "Star Wars. Os últimos Jedi" e a película de animación "My little Pony".

As vindeiras películas serán "Perfectos desconocidos" de



Alex de la Iglesia, o sábado 2 de febreiro, a película de animación de Disney "Coco", o domingo día 3 ás 17h., "La Librería", dirixida por Isabel Coixet, o sábado 9 ás 22h. e a película fantástica de acción "Thor Ragnarok" o domingo 10.

 **CONCELLO SALVATERRA DE MIÑO**

ACTIVIDADES CONMEMORATIVAS 2019
febreiro – marzo

3 DE FEBREIRO, DÍA MUNDIAL CONTRA O CANCRO

 **4 de febreiro**
Día mundial
Contra o Cancro

MASTERCLASS DE ZUMBA na Praza do Concello ás 11.00h en colaboración coa Asociación Caner de Mami Pilar Domingo, EXHIBICIÓN do Grupo de baile do Centro Deportivo e Cultural do Casal, INSTRUTORES CONVIDADOS: Inma Vilaboa de Salvaterra, Ade de Porriño, Carla Novoa e Raúl Meira de Pontevedra, Luis de Nola e Maggi e Nico de Monção.

Lugar: Praza do Concello, en caso de choiva realizarase no Salón da Casa de Cultura de Salvaterra

22 DE FEBREIRO, ACTOS CONMEMORATIVOS DÍA DE ROSALÍA (24 de febreiro)

 **24 de febreiro**
Día de Rosalía

As 17.00 h ACTIVIDADE INFANTIL ao aire libre na Praza do Concello. Recital acompañado de guitarra de poemas de Rosalía de Castro e actividade de manualidades onde crearemos imáns con imaxes e frases de Rosalía.

*En caso de choiva suspenderase a actividade

8 DE MARZO, DÍA DA MULLER TRABALLADORA

 **8 de marzo**
Día da Muller Traballadora

As 17.00h ACTIVIDADE INFANTIL "Descubrimos as nosas precursoras a través do xogo", na Praza do Concello.

*En caso de choiva suspenderase a actividade

 **DEPUTACIÓN PONTEVEDRA** | **Pontevedra**

Salvaterra de Miño abre as portas do novo Museo do Viño primeiramente aos seus veciños

Faltan os últimos detalles do Museo do Viño, instalado no Castelo de Dona Urraca, comprado e rehabilitado polo Concello, e antes de facer a inauguración oficial, o Concello quere dar prioridade aos veciños salvaterrenses porque



“queremos que vós sexades os primeiros en coñecer e en desfrutar das súas instalacións”, explican nunha carta remitida aos enderezos familiares.

O Concello organiza para os seus veciños unhas xornadas de portas abertas, a través das cales quere dar a coñecer “a grande importancia que supón o viño e a viticultura para o noso Concello e Comarca, non só a nivel económico senón tamén a nivel cultural e histórico”.

Todos aqueles veciños e veciñas que queiran visitar as instalacións do Museo e o seu contido, só terán que se inscribir no Concello. Para que sexan máis operativas as visitas, faranse grupos de 15 persoas, maiores

de 18 anos, con visita guiada a cargo do Gran Mestre da Cofradía do Viño do Condado do Tea, Antonio Alén, e rematarase cunha pequena cata comentada dos nosos viños e unha degustación con produtos locais.

As visitas realizaranse no mes de febreiro os xoves, venres, sábados e domingos, cunha duración de preto de 2 horas. Un grupo de 11.00 a 13.00 horas e un segundo grupo de 16.00 a 18.00h, cada día. Os grupos iranse completando por orde de inscrición.

Para inscribirse os veciños só teñen que chamar ao 986 658 126/ 986 658 082/ 986 658 684, no correo electrónico info@concellodesalvaterra.org ou no propio Concello.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Persoas con discapacidade para un servizo de limpeza de calidade, a aposta pola igualdade de Ponteareas



A concellería de Ensino, que dirixe a concelleira Cristina Fernández, contratou o servizo de limpeza do CEIP Ramiro Sabell á empresa de compromiso social “Limpadores especialistas integrados”. A empresa presta o seu servizo con catro traballadores con discapacidade que todas as tardes deixan impoluto este centro educativo. O contrato adxudicouse por dous anos prorrogabeis por outros dous máis.

Con esta decisión o goberno aposta pola igualdade de oportunidades e polas empresas que na súa actividade poñen por diante os valores sociais e o obxectivo de integrar no mercado laboral a persoas con maiores dificultades de acceso a un emprego.

A empresa creada no ano 1998 como proxecto de integración conta con 85 traballadores e está certificada como Centro Especial de Emprego ao ter acreditado ante a administración autonómica o seu compromiso de integración. Ademais, a calidade dos seus servizos está plasmada nos seus certificados de calidade ISO 9000 e ISO 14.000. A empresa conta con longa e ampla experiencia en servizos de limpeza en centros e edificios públicos de toda Galicia. Os seus

empregados son formados no propio posto de traballo para ser completamente independentes e efectivos, explica Cristina Fernández quen lembra que “non son diferentes, son iguais e por iso reciben formación sobre riscos laborais e todos os coñecementos que precisan para o seu traballo”.

A contratación foi criticada polo Partido Popular que acusou ao goberno local de “privatizar” o servizo. Cristina Fernández cualificou de “pintorescas as críticas, vindo dun partido que practica a privatización de todos os servizos, incluíndo a sanidade e a educación. Alegrámonos de que o PP en Ponteareas renegue do seu liberalismo e abraza a defensa dos servizos públicos” ironizou a edil. Fernández explicou que, ante a falta de persoal por xubilacións a lexislación actual “non nos permite contratar traballadores e obríganos a contratar empresas externas para servizos coma este. O importante é que a contratación facémola con transparencia e primando a quen emprega como traballadores a persoas discapacitadas. É dicir, o contrario do que facía o PP quen contrataba a dedo primando a amigos e persoas do partido”.

Ponteareas acolleu a primeira xornada da III Copa de promoción de bádminton “Xogade”



O pasado día 20 celebrouse en Ponteareas a primeira xornada da III copa de promoción de bádminton XOGADE.

Un total de 180 nenos e nenas de diferentes clubs da provincia, CB Rosalía de Vigo, IES de Teis, CEIP San Salvador de Vigo, CB Tui, Asorei Cambados, CB Crecente, CB Rachaplumas, Compañía de Maria Cangas, Colegio Estudio, CB Salvaterra,

EDM Salceda, CB Mondariz e o anfitrión CB Ponteareas.

A copa, organizada polo Club Badminton Ponteareas, celebrouse nas categorías benxamin con 26 deportistas, alevín con 36, infantil con 81 e cadete con 37.

Na xornada disputáronse 317 partidos, desde as 9:00h ata as 14:00h. Este evento foi posible levalo a cabo gracias a utilización dos dous pavillóns municipais cun total de 14 pistas.

O alumnado de Ponteareas achegárase á figura de Rosalía de Castro

A concellería de Cultura e Normalización Lingüística organiza o I Concurso de poemas ilustrados e vídeos “Día Rosalía de Castro”, dirixido ao alumnado de todos os centros educativos de Ponteareas.

O tema son os poemas de Rosalía ou poemas e vídeos dedicados ou composto para a poetisa.

As bases poden consultarse na web do concello na pestaña “cultura”, “bases”. O concurso

establece dúas modalidades: poemas ilustrados para o alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria e modalidade de vídeos para os de ESO, bacharelatos e ciclos formativos.

Os traballos de Primaria recolleranse nos centros por personal da Concellería e os da categoría da ESO deberán presentar os seus traballos antes das 20 horas do luns 18 de febreiro por e-mail a bibliotecamuseo@ponteareas.es

o remendón
CERRAJERO

24 HORAS

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL Duplinox

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

o noso Eido

taberna

Especialidades en Angulas e Langostas, Peixes do Río, Cuscús e Patacas, Rosallos e Rices a la Arroz.

RESERVAS: Ana 601 040 534 - Coke 646 424 960
Tel: 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Rúa Argentina, 11 - Salvaterra de Miño
T: 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
T: 986 658 529

Móvil: 645 316 324
pinturasfernandomiguez@gmail.com

PONTEAREAS

Iniciados os traballos do parque forestal de A Picaraña

O parque ubícase en máis de 200 hectáreas de monte veciñal de Ponteareas, Arcos e Bugarín

As actuacións que se van executar durante os vindeiros meses pretenden recuperar ambientalmente un dos montes máis emblemáticos da localidade, protexelo fronte á ameaza do lume e poñelo en valor para o uso social.

Os traballos iniciados inclúen a eliminación da acacia australiana en máis de 30 hectáreas de superficie e a creación de áreas cortalumes tanto en pistas como en vagoadas que serán desbrozadas atinxindo a 33 hectáreas.

Ademais, acondicionarase unha área de escalada deportiva e un roteiro de sendeirismo micolóxico nas proximidades do Penedo do Equilibrio.

Por outra banda, para difundir os valores arqueolóxicos do parque, instalaranse paneis informativos e divulgativos sobre os xacementos castrexos existentes. As actuacións tamén inclúen a sinalización do parque en todos os seus accesos por estrada. Todas as actuacións están encadradas no proxecto técnico de parque forestal que tamén foi elaborado por iniciativa do Concello e das comunidades propietarias do monte.



Os traballos e o proxecto redactado supoñen un investimento de máis de 140.000 euros achegados pola Deputación Provincial e o Concello.

Represas amosouse moi satisfeito “porque por vez primeira o Concello aposta por converter A Picaraña nun lugar de valor ambiental e para o disfrute da veciñanza”. O Alcalde lembrou que “durante décadas o propio Concello foi o causante de moitos problemas para o monte, ubicando nel un enorme vertedoiro de lixo que chegou a causar lumes forestais. Tamén foi o Concello quen introduciu especies invasoras na Picaraña con nefastas consecuencias”.

Represas contrapuxo aquela situación “con este novo goberno que, conxuntamente coa Deputación Provincial, inviste en importantes melloras ambientais e sociais”. O alcalde salientou ademais “o compromiso e implicación das comunidades de montes de Ponteareas, Arcos e Bugarín, que ademais de colaborar na execución do parque forestal realizaron nos últimos anos traballos fundamentais de mellora do monte”.

O alcalde salientou ademais “o compromiso e implicación das comunidades de montes de Ponteareas, Arcos e Bugarín, que ademais de colaborar na execución do parque forestal realizaron nos últimos anos traballos fundamentais de mellora do monte”.

O alcalde salientou ademais “o compromiso e implicación das comunidades de montes de Ponteareas, Arcos e Bugarín, que ademais de colaborar na execución do parque forestal realizaron nos últimos anos traballos fundamentais de mellora do monte”.

Ponteareas terá un parque canino

Alcalde, Xosé Represas, anunciou a próxima creación dun parque canino na localidade. Coa iniciativa preténdese ofrecer aos propietarios de cans un amplo espazo destinado especificamente ao esparcemento das súas mascotas. Ao mesmo tempo, contribuirá a solucionar os problemas que, ás veces, se suscitan pola presenza de cans en lugares como os parques infantís.

Para definir o espazo que se destinará a parque canino, as actuacións necesarias e a regulación do seu uso, o alcalde constituíu unha comisión asesora formada por veterinarios, profesionais da localidade relacionados co mundo dos cans e a protectora de animais. O martes 22 a comisión celebrou a súa primeira reunión onde se estableceu o método de traballo e estudo que concluirá nos vindeiros días coa presentación dunha proposta que se exporá logo ao público para suxestións.

O PP denuncia o estado de abandono da fonte do Baratillo

O PP denuncia o abandono que sofre a fonte municipal, situada no centro urbano, de “O Baratillo”. Os populares explican que, hai máis de dous meses, un vehículo tivo unha colisión coa mesma, propiciando que varias pedras desprendésense. “Estas pedras seguen alí tiradas, sen ser colocadas, e supoñen un perigo para calquera veciño ou neno que pase por alí” advirten os populares.

A fonte de “O baratillo” foi restaurada, xunto á praza na que se atopa, polo goberno PP no ano 2013, con cargo ao Plan de Obras de Servizos

Provinciais da Deputación de Pontevedra. O PP considera que non debe abandonarse así o noso patrimonio. Esta fonte forma parte do inventario de Bens do Patrimonio Cultural de Ponteareas. Anos atrás o PP remodelou outras fontes como a de Rúa de Abaixo ou Fonte dá Fama. Para o noso partido recuperar e valorizar os espazos públicos que forman parte do patrimonio histórico, artístico e cultural de Ponteareas foi sempre unha prioridade”.

Os populares instan ao goberno de Represas que acometa as obras de recuperación desta fonte canto antes.



HOMENAXE A CASTELAO

Sábado 2 de febreiro

Dende as 11h, polas rúas do centro

Cantares de cego, Luís O Caruncho

12:30h, Avda Castelao (fronte S. Apóstoli)

Acto de homenaxe e ofrenda floral

PONTEAREAS CONCELLO

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

A Xunta inviste 15.000 euros en melloras na escola de Ponteareas e 800.000 en outras instalacións

A Xunta vén de ter concedido axudas para a mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís de 0 a 3 anos en Galicia. Así, a Escola Municipal de Ponteareas recibe un importe de 15.000 euros que servirá para que os rapaces disfruten dunhas instalacións máis modernas e mellor equipadas. Deste xeito, cóbrese case na súa totalidade o importe solicitado polo Concello, o que ratifica que é a Xunta de Galicia a que se está a preocupar das instalacións educativas de Ponteareas.

Asimesmo, aporta máis de 806.000 euros en diversas actuacións a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Deste xeito, inviste 150.000 euros en adquirir un inmovible na parroquia de As Pías para a súa conversión en casa cultural; 156.364,96 euros na adquisición da segunda e terceira planta do edificio da Seguridade Social para a oferta de servizos de apoio ao emprendemento; 104.342 euros na mellora da eficiencia enerxética nunha escola infantil; 69.232,16 euros na mellora da eficiencia enerxética na biblioteca-mu-

seo; 117.440 euros en obras de acondicionamento do conservatorio de música Reveriano Soutullo; e, por último, 209.278,07 euros na rehabilitación de catro vivendas para emerxencias sociais.

De novo, estas aportacións descubren as mentiras do alcalde, quen afirma, continuamente, que a institución autonómica non aporta cartos no Concello de Ponteareas. O PP lémbra-lle que se non fora pola Xunta as instalacións educativas non se manterían en bo estado, xa que ao alcalde nin lle preocupan nin lle interesan.

Con estas inversións, acométese melloras de grande importancia en centros tan importantes como o Conservatorio de Música Reveriano Soutullo ou a biblioteca-museo. Ademais, préstase apoio ao colectivo de emprendedores coa rehabilitación do edificio da Seguridade Social e rehabilitanse vivendas para emerxencias sociais.

O PP agradece o esforzo da Xunta con estas axudas e agarda que o alcalde non as critique e se poña a traballar para que os veciños de Ponteareas gocen dunha maior calidade de vida.

O PP denuncia que os orzamentos do estado deixan na estacada a Ponteareas

N unha rolda de prensa en Ponteareas, o deputado pontevedrés, Tomás Fole, e a presidenta e candidata popular denunciaron o "tijeretazo que o PSOE acaba de dar a Ponteareas nos orzamentos".

Tomás Fole lamentou que "o interese de Pedro Sánchez por manterse na Moncloa está a prexudicar a todos os españois e de forma especial aos galegos. Despois de informar sobre os orzamentos, que entregou aos xornalistas, explicou que no caso da variante "de 21 millóns logrados no Goberno de Mariano Rajoy pásase a cero e no caso da mellora da N-120 de seis millóns consignados pásase a 100.000 euros". Unha consignación que cualificou de "sorprendente" xa que esta nova consignación ou máis ben a falta dela fai desaparecer a Ponteareas dos orzamentos do Estado. Tomás Fole dixo que en España hai preto de 8123 concellos, aparecen partidas xenéricas para excepcionalidades, que apareza nominalmente o nome de Ponteareas é traballo de anos, traballo de partidos políticos, traballos da plataforma, dos veciños, que desapareza o seu nome é unha noticia moi grave e triste".

Pola súa banda a presidenta e candidata popular Belén Vi-



llar, manifestou o total desacordo coa proposta. "O PSOE con estes orzamentos vendeu e deixou a Ponteareas na estacada". A popular culpou tamén a Represas e Chus Garrote da situación "Estou segura que se fosen uns orzamentos do PP estarían xa manifestándose, aínda non se pronunciaron e estou segura que coñeceron estes datos moito antes de que se fixesen públicos". Villar lamenta que se "antepoñan intereses partidistas neste tema", cando sempre se actuou en consonancia e unión. "Queremos unha explicación urxente do tripartito das xestións realizadas nos últimos meses ante o Ministerio de Fomento e a Subdelegación de Goberno, porque reunións e anuncios en prensa moitos, pero a realidade son estes papeis, deixáronlles en evidencia".

Villar lembrou que na presentación de candidatura de

Chus Garrote en decembro enganou aos veciños "anunciou aos catro ventos que a variante e mellora da N-120 estaban aseguradas co PSOE e agora sabemos que mentiu. Ponteareas é un dos municipios máis castigados de Galicia nestes orzamentos. Os pontearanos estamos a pagar os acordos de Sánchez con Cataluña" recriminou.

Villar explicou que "Represas é cómplice deste recorte, xa que leva meses escondido e non se pronunciou porque non quere conflitos co PSOE, xa que é o partido que o mantén no sillón".

Por último Villar mostrou o seu total apoio á Plataforma da N-120. "Imos loitar, imos emendar este documento e non imos parar ata recuperar o último euro. Xa mantivemos varias conversacións e reunímonos con eles nas próximas horas para tomar decisións de presión en conxunto".

VI EDICIÓN
CONCURSO DE BANDAS

CONCERTOS AS 00:00H
ENTRADA DE BALDE

PONTEAREAS

9 FEB **BLEEM** **THE BROKE**
16 FEB **WACH** **McKANIJAN** **THE OUTSIDERS**
LOS CANALLAS
23 FEB **2ND FLOOR** **GETHERE**
9 MAR **JOHN DEERES** **EL CAPITÁN ELEFANTE**

SEMIFINAIS 16 E 23 DE MARZO - FINAL: 13 DE ABRIL

Salceda recolle a súa tradición oral nun libro-CD



A Praza do Concello acolleu o sábado 26 de xaneiro a presentación do libro-CD “A tradición oral de Salceda de Caselas”, escrito polo autor Xosé Ramón Paz Antón, e publicado pola Deputación de Pontevedra. No acto estiveron participando o autor, o Deputado de Cultura Xosé Leal, a Concelleira de Cultura Tere Pérez e o Alcalde Marcos Besada, ademais de diferentes grupos de gaitas de Salceda de Caselas, que deron boa mostra da enorme riqueza coa que conta o municipio no que a música tradicional se refire.

O primeiro dos volumes, identificado como ‘Descricións’, compila materiais de hemeroteca, entrevistas, arquivos, fotografías e bibliografía, tratando de aproximar cronoloxicamente as prácticas folclóricas que deixaron pouso relevante en Salceda, as biografías dos músicos e danzantes tradicionais e a evolución dos procesos de incorporación, cambio, abandono ou recuperación de certos costumes. Faise unha aproxi-

mación ao cancionero local, aos seráns, ás cornetadas, aos ranchos de Reis, ao Entroido, á danza e á relación da tradición coas bandas de música e a existencia dunha relevante literatura popular non cantada. Este volume inclúe ademais unha fermosa colección de fotografías do Arquivo Municipal da Imaxe de Salceda de Caselas, a máis antiga delas datada en 1921.

O segundo volume, identificado como ‘Catálogo’, é cualificada por Paz Antón como un cancionero de coplas populares, romances, cantos de cego, melodías instrumentais de gaita, cantos infantís e outras mostras relacionadas co canto e coa danza. Recolle tamén materiais da literatura popular e recollas que non teñen relación coas melodías, como poden ser xogos, contos, lendas e crenzas, e que corresponden á memoria de ducias de ‘persoas informantes’ e que foron transcritas ou gravadas conformando un patrimonio inmaterial herdado pola comunidade salcedense. Este segundo volume,

inclúe unha detallada relación das ‘persoas informantes’ que realizaron as súas achegas, unha relación de persoas colectoras de información –boa parte alumnado– e os lugares onde realizaron as recollas, así como a relación de vídeos e audios que se inclúen no CD que acompaña a publicación.

En palabras de Xosé Leal “un pobo que se sostén coas súas tradicións e que fai que teñan relevancia actual é un pobo orgulloso de seu, e a atinada análise que se pode gozar nas páxinas destes libros vai acrecentar un sentimento de orgullo e de pertenza a unha vila que pescuda na oralidade un tesouro”.

Marcos Besada: “Como Alcalde de Salceda, sintome enormemente orgulloso e satisfeito polo traballo que hoxe chega ás mans da nosa veciñanza, froito de meses de investigación e de numerosas achegas feitas polos nosos veciños e veciñas. Agardamos que se disfrute tanto do resultado como nós o fixemos durante a súa preparación”.

Auga quente para as aulas das parroquias



O Concello de Salceda de Caselas, a través da Concellaría de Ensino que dirixe Tere Pérez, iniciou as obras de instalación de auga quente nas diferentes aulas do CRA Raíña Aragonta ubicadas nas diferentes parroquias.

O Concello dá resposta así á demanda plantexada tanto polos pais e nais como polo equipo de profesorado das diferentes aulas, continuando o traballo de mellora constante das aulas, sempre establecendo as prioridades co equipo directivo do centro. Cabe lembrar que ó tratarse dun CRA falamos dun centro peculiar, con aulas en tódalas parroquias con necesidades diferentes en cada unha delas, o que fai indispensable a coordinación coa dirección do centro para establecer a orde de melloras que se poidan ir acometendo segundo as posibilidades do Concello.

O Concello de Salceda realiza unha forte aposta polo ensino do rural, e nos últimos anos levan sido numerosos os investimentos en tódalas aulas: instalación de equipos de climatización en tódalas

aulas, instalación de equipos de alarma, novos tellados en Budiño e Fontán, recuperación de aula anexa en Soutelo, melloras nos xoguetes dos patios, ampliación do patio de San Xurxo, etc., ademais das tarefas de mantemento contínuas como pintados, mantementos eléctricos, limpeza e desbroces, etc.

Tere Pérez, Concelleira de Ensino: “Seguimos dando pasiños nas aulas das parroquias segundo nos vaian permitindo os nosos recursos. A instalación de auga quente suporá sen dúbida unha mellora importante para o excelente traballo que o equipo de profesorado fai cos nenos e nenas, dando resposta así ás demandas que eles mesmos nos van plantexando”.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: “Queremos un ensino público e de calidade. Apostamos polo modelo de ensino das aulas das parroquias, polo que seguiremos a realizar todas aquelas melloras que estean ao alcance do Concello, sempre da man do equipo directivo do CRA, ó igual que do resto dos centros escolares públicos do municipio”.

LOURIÑA

O PORRIÑO

A supresión do paso a nivel queda fora dos orzamentos do Estado para 2019

O Porriño deberá seguir esperando para ver solucionada unha das súas reclamacións históricas, á referente á supresión do paso a nivel que divide en dous a vila supoñendo un evidente risco para os centos de persoas que cada día transitan por este lugar.



O pasado mes de outubro, tras unha xuntanza mantida coa presidenta de ADIF, Isabel Pardo, a alcaldesa do Porriño anunciaba que o Ministerio de Fomento consignaría unha partida económica de 15 millóns de euros nos Orzamentos Xerais do Estado 2019 para o soterramento do trazado ferroviario ao seu paso polo Porriño, algo que finalmente, non se ve reflexado nas contas presentadas onte polo Goberno de Pedro Sánchez.

"Resulta desesperanzador comprobar que, pese a telo anunciado, non se contempla nin un euro para a retirada do paso a nivel nos orzamentos", salientou o presidente dos populares M. Alejandro Lorenzo, "Tras moitos anos de loita, conseguíuse que os Orzamentos 2018 incluíran unha partida de 880.000 euros para dar resposta á nosa lexítima demanda, algo que ata entón non tiña sucedido e que supoñía un gran paso. Agardábase ter sobre a mesa en breve espazo de tempo un proxecto concreto de supresión do paso a nivel e comprobamos que non só non existe proxecto ou proposta, é que non hai intención algunha de que o haxa".

Cabe destacar que, por aquel entón o grupo socialista no Congreso presentara unha enmenda para ampliar esta partida, destinada á elaboración dun estudio inicial, a un millón de euros ao considerala insuficiente. Os socialistas, unha vez no goberno, optan por dar a espalda ao Porriño e Eva García de la Torre, cala.

Dende o PP do Porriño, critican a

impasibilidade da rexedora ante esta afrenta aos porriñeses e critican o uso partidista que se leva feito desta histórica reclamación. A principios de setembro do 2015 a alcaldesa anunciaba a retirada do paso a nivel. Por aquel entón o acordo pasaba por construír pasos soterrados para peóns e vehículos, proxecto que ADIF se comprometía a costear ao 50%. O Goberno Municipal chegou a poñer marcha os trámites precisos para levar a cabo estas obras, cambiando a titularidade das rúas adxacentes. Xa no 2017, concretamente en setembro, Eva García negábase a levar a cabo o proxecto acordado e, tal e como insistíamos o resto dos grupos da corporación, aseguraba que O Porriño non aceptaría ningunha solución que consolidase o paso do tren polo centro da vila, tan só desviar o trazado ou o soterramento das vías. Un ano máis tarde, a rexedora anuncia que está en marcha e con partida consignada o soterramento da vía e comprobamos que tampouco é así. "Asistimos a un aluvión anuncios electoralistas sobre unha cuestión de vital importancia para a cidadanía do Porriño que require responsabilidade e firmeza", lamenta Lorenzo, "O interés político non ten cabida cando se trata de conseguir un obxectivo común e defender os intereses dos porriñeses, o consenso e a unión de todos os grupos é a única vía. A única foto que cabe sacar é a do día que se inicien as obras para a supresión do paso a nivel no centro da vila".

A presidenta de ADIF garante que o proxecto de eliminación do paso a nivel segue adiante e será asumido directamente por ADIF

Alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, falou o martes día 15 coa presidenta do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), Isabel Pardo de Vera, quen "garantíume" que o proxecto de supresión do paso a nivel do centro do Porriño "segue adiante" sendo asumido directamente por ADIF, un organismo público autónomo que conta co seu propio orzamento.

García de la Torre obtivo, de novo, a confirmación por parte de Pardo de Vera de que este é un "proxecto firme" que está sendo ultimado polos técnicos e que será, "sen dúbida" unha realidade, o que supón que "a eliminación do paso



a nivel está máis preto que nunca".

Eva García de la Torre subliña que o compromiso adquirido o pasado mes de agosto na xuntanza que mantivo coa presidenta de ADIF en Madrid segue inalterable e que o mesmo "fará realidade unha reivindicación que as veciñas e veciños levamos facendo máis de 70 anos: que o tren deixe de pasar en superficie polo centro do Porriño".

O BNG leva ao Parlamento galego os problemas que sofre a veciñanza da Vaquería pola liña continua da PO-510

O Bloque Nacionalista Galego toma a iniciativa política e traslada ao Parlamento de Galiza as reiteradas queixas realizadas pola veciñanza do barrio da Vaquería, en Budiño, polos prexuízos e trastornos que lles causa a liña continua pintada na estrada PO-510. Os deputados e deputadas do BNG presentaron o pasado día 24 de xaneiro una pregunta á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, para que se responda tanto por escrito como de xeito oral en comisión. Asemade rexistraron unha proposición non de lei para ser debatida no pleno do Parlamento, coa que esixen por parte da Xunta unha actuación inmediata que resolva os problemas da veciñanza nesta estrada de titularidade autonómica.

A formación nacionalista apoiou dende o inicio a reivindicación das veciñas e veciños. De feito, o portavoz do BNG no concello, Pedro Pereira, participou en varias ocasións nas mobilizacións organizadas polas persoas afectadas para que se atendan as súas peticións. O problema concéntrase entre os puntos quilométricos 2.200 e 2.600. Demandan a construción dunha illa no centro da estrada que permita o xiro seguro para acceder ás vivendas, evitando así ter que dar un rodeo enorme para facer o cambio de sentido. Solicitan tamén que se habiliten pasos peonís por onde os residentes nunha e noutra marxe poidan cruzar o vial de xeito rápido e seguro. Na actualidade teñen que desprazarse case un quilómetro para poder pasar á outra beira da estrada.

O PORRIÑO

O CEIP de Atios recupera a vivenda da planta alta do centro

A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, acompañada da concelleira de Educación, Lourdes Moure, fixo entrega ao director do CEIP Plurilingüe de Atios das chaves da vivenda de 90 metros cadrados, que ocupa a planta alta do centro que, dende agora, pode ser utilizada polo mesmo, tal e coma demandaba a Asociación de Nais e Pais (ANPA).

Logo de manter varias conversacións coa persoa que vivía nela e coa familia desta, a alcaldesa conquistou que a primeiros deste ano a vivenda quedase valeira, preto dun cuarto de século despois da súa ocupación.

Hai que lembrar que a inquietudina era unha refuxiada de Bosnia que dende 1994 vivía nesta casa que lle fora cedida polo desaparecido José Manuel Barros, daquela alcalde do Porriño, para que esta muller, que lograra fuxir da terrible guerra que asolara os Balcáns puidese comezar unha nova vida no Porriño,



coa súa familia.

Durante estes preto de 25 anos, o Concello do Porriño fíxose cargo de todos os gastos de subministro de auga e de electricidade desta casa, como sinala Eva García de la Torre, que ao pouco tempo de tomar posesión da Alcaldía, xa anunciara a súa intención de recuperar a mesma para o CEIP de Atios que, coma lle expuxeran os representantes do ANPA precisaba dispoñer deste espazo, logo de que en estes anos multiplicase máis

que por dous o seu número de alumnas e alumnos.

Eva García de la Torre agarra que, “agora si”, o Goberno de Galicia, “que é quen ten as competencias, en exclusiva, en Educación”, cumpra coa súa obriga e, de verdade, “asuma o custo de reforma de este novo espazo” co que conta o Colexio de Atios e “realice, por fin, as obras que permitirían contar con dúas novas aulas no mesmo, tal e como demandan as nais, os pais e o seu director”.

A Deputación aproba destinar 245.155,51€ ao Concello do Porriño para a contratación de 40 persoas

O Concello do Porriño poderá contratar a 40 traballadoras e traballadores ao longo deste ano 2019, con cargo á Liña 3 de fomento do emprego do Plan Concellos, da Deputación de Pontevedra.

O organismo provincial vén de aprobar, para poder realizar estas contratacións, unha achega para O Porriño de 245.155,51€. A selección deste persoal farase entre persoas desempregadas, a través do Servizo Público de Emprego e os contratos estenderanse ata o 31 de decembro deste ano 2019.

Será o propio Concello do Porriño, lembra a alcaldesa, Eva García de la Torre, o que solicite os postos que precisa cubrir. Habitualmente, trátase, entre outros, de “persoal para traballos en obras, persoal para xardinaría e medio ambiente ou para mantemento”.

Hai que lembrar que a través



do ‘Plan Concellos 2019’, a Deputación de Pontevedra pon a disposición dos 59 municipios da provincia de menos de 50.000 habitantes case 43,5 millóns de euros, o que supón un 3,3% máis que en 2018. Para a Liña 1 -Investimentos- destínanse un total de 30 millóns de euros, para a liña 2 -amortización, pago de débedas e gastos correntes- van un total de 3,9 millóns de euros e para a liña 3 -Emprego- achéganse 9,5 millóns de euros.



Concello do
Porriño

unha ollada diferente

BAIXO MIÑO

TUI

O alcalde de Tui detallou no Círculo de Empresarios de Galicia a disponibilidad de chan empresarial na cidade

O alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, mantivo nos últimos días un encontro coa presidenta do Círculo de Empresarios de Galicia, Patricia García, e os membros do Foro de Loxística e Transporte para abrir vías de colaboración para o fomento de chan industrial e a atracción de inversores.

Carlos Vázquez Padín expuxo, ante os membros do Foro, as distintas posibilidades de dispor de chan industrial en Tui ante a necesidades deste tipo de solo que hai na área metropolitana. Deu conta de forma pormenorizada da situación en cada unha das zonas empresariais da cidade: Areas, Ribadelouro, Guillarei e Baldráns.

Apuntou nese senso que nestes momentos só o Polígono de Areas está tipificado no PXOM coma chan industrial, e dende o Concello se teñen dirixido á Xunta de Galicia para preguntar pola situación das parcelas que non se desenvolveron nesta zona. Amais dende o Concello indica Carlos Vázquez Padín "temos acompañado o esforzo dos empresarios de Ribadelouro para desenvolver o chan e dos de Baldráns para regularizar a súa situación". Detallou amais que no caso de Ribadelouro en agosto de 2018 produciuse a aprobación provisional da modificación puntual do PXOM, cuxa documentación está xa na Xunta para proceder a aprobación definitiva. "Esta modificación permitirá un incremento moi importante da oferta de chan dispoñible nesta zona cun enorme potencial, xa que é a continuación natural das zonas industriais do Porriño" segundo expuxo o alcalde de Tui.

Mentres en Guillarei o alcalde explicou que se ten dirixido á Comunidade de Monte e aos empresarios desta zona para que inicien un



proceso de regularización desa zona xa que o chan aí está sen desenvolver.

Apuntou Carlos Vázquez Padín que para o goberno local é unha prioridade aumentar a disponibilidad de chan industrial, con plenas garantías xurídicas, o que permitiría tamén aumentar o número de empresas afincadas na cidade.

Logo deste primeiro encontro o alcalde de Tui será convocado a un almorzo de traballo co empresariado para darlles conta de primeira man das posibilidades de chan empresarial que hai na cidade. Abondou Carlos Vázquez Padín na súa idea de que a cidade sexa un "destino amigable" para as empresas tendo en conta a posibilidade de poder desenvolver 900 mil metros cadrados de chan industrial segundo o PXOM. Apuntaba que "hai que traballar arreo para disponibilizar ese chan e atraer empresas a Tui".

Tui solicita a inclusión dunha partida nos PGE para o proxecto de rehabilitación do Teatro Principal

O Concello de Tui tense dirixido aos grupos parlamentario de PP, PSOE, PODEMOS (En Marea) e Ciudadanos solicitando que apoiem a inclusión nos Presupostos Generales del Estado dunha partida de 100.000€ que permita financiar un concurso para a redacción do proxecto de execución da

reconstrución do Teatro Principal de Tui.

Dende o Concello explícase que o proxecto redactado en 1986 non é válido na actualidade dado o cambio que se ten producido na normativa, así coma debido á degradación que o inmovible sufriu o longo deste tempo. Apuntan amais que a redacción deste proxecto

é o paso previo para que o Teatro Principal – propiedade municipal – poida ser rehabilitado nos anos 2020 ou 2021 con cargo ao capítulo 6 de investimentos do Ministerio de Fomento.

Dende o Concello enviará-selle tamén copia desta solicitude á Dirección General de Arquitectura.

O BNG presenta o primeiro tramo da candidatura das municipais



O BNG é a primeira organización política en presentar o primeiro tramo da candidatura ás eleccións municipais de 2019. A lista aprobada en asemblea local aberta, estará encabezada por Carme Núñez (concelleira de patrimonio no goberno anterior), actual portavoz municipal da formación nacionalista; reside na parroquia de Pexegueiro, traballa como médica de atención primaria no centro de saúde de Tomiño, e é portavoz no Baixo Miño da Plataforma Solidariedade Galega co Pobo Saharauí. De número dous irá Xosé Martínez Tato (concelleiro de medioambiente, limpeza, participación cidadá e do medio rural de Tui), veciño das Bornetas, xubilado do sector do metal, presidente da asociación "Anda Tui-Rego da Pedra", de número tres Ernesto Cañedo, veciño de Baldráns, técnico de instalacións de liñas eléctricas, foi delegado sindical do metal na CIG, membro da comunidade de montes de Baldráns, activista en diversas asociacións veciñais, membro da asociación "Amizade galego-cubana Francisco Villamil" ademais de outras asociacións de solidariedade internacionalistas, colaborador en actividades na defensa do medioambiente e militante do Partido Comunista do Pobo Galego, como número 4 Alexandre Negro, veciño do casco histórico de Tui, técnico superior en co-

mercio internacional, operario de automoción, e, de número 5, Ana Bernárdez, veciña de Pexegueiro, técnica superior en axencias de viaxes e en guías, información e asistencia turística responsábel comarcal de Galiza Nova no Baixo Miño e portavoz da Asemblea de Mulleres na Comarca.

A candidata nacionalista volveu convidar a participación a través das asembleas abertas a todas as persoas preocupadas pola nefasta situación de Tui "porque cremos que é necesario desalojar do Concello á dereita dirixida polo PP e aos seus secuaces colocados ao servizo do amiguismo, das cacicadas e dos favores de quen goberna. O PP deu un golpe para por os seus intereses partidistas por riba do interese xeral da veciñanza", sinalou a cabeza de lista do BNG en Tui.

O BNG celebrará encontros sectoriais para recoller propostas de todas as persoas e colectivos que queiran facer achegas para un cambio indispensable e urxente na nosa cidade.

Chegou o momento de por fin aos que so aspiran a sentar nun sillón para resucitar a política do oportunismo e da cobiza persoal. Partindo da experiencia destes anos, e collendo como referencia os "concellos BNG" imos construír a nosa alternativa para mudar Tui, concluíu Carme Núñez

TOMIÑO

Comeza o período de votación popular para poñerlle nome á nova avenida de Tomiño

Unha comisión seleccionou seis propostas de entre as case 400 enviadas pola cidadanía. Pode elixirse nome ata o 28 de febreiro a través da web ou depositando o voto nas urnas colocadas no mercado e no Concello

A nova avenida que rodeará o núcleo do Seixo está máis preto de ter nome (por orde alfabética): Do Baixo Miño, De Cerveira, De Isaura Gómez, Da Liberdade, Das Treboadas, De Turonia.

Esas foron as seis propostas escollidas pola comisión composta por representantes de todos os eidos económicos, sociais e culturais do concello de Tomiño, encargada de seleccionar os nomes finalistas de entre as case 400 propostas recollidas na primeira fase da campaña 'Ponlle nome!', un proceso participativo posto en marcha para implicar á cidadanía na proposta e elección da denominación que terá esta nova rúa que eliminará o tráfico de paso polo centro urbano da vila.

O 21 de xaneiro abríuse o prazo de votación para que todos os veciños e veciñas de Tomiño poidan elixir cal destes seis nomes poñan á nova avenida a través do espazo dedicado a esta iniciativa na web municipal (<https://tomino.gal/novaavenida>) ou de-



positando o seu voto nas urnas instaladas no Mercado Municipal de Tomiño e na Casa Consistorial. O período de votación popular estará aberto ata o vindeiro 28 de febreiro.

Esta nova avenida rodeará o núcleo do Seixo e permitirá eliminar o tráfico de paso do centro urbano. Cunha lonxitude de 1.400 metros, enlazará a estrada provincial EP-3102 polo Sur e a PO-344 (rúa Gondomar) polo Norte, dando unha saída natural á avenida da República Arxentina e rúa da Pedra cara o Leste do núcleo, e enlazando o municipio coa futura Vía de Alta Capacidade (VAC) Tui-A Guarda. Esta variante enlazará os equipamentos situados na estrada provincial, como o CEP Pedro Caselles, a área deportiva de Mosteiro e a igrexa románica de Tomiño con novos equi-

pamentos como o centro de saúde, o centro de día e mesmo o IES Antón Alonso Ríos, desviando do núcleo urbano uns 10.000 vehículos.

A vía terá unha sección de 18 metros, dos que seis estarán destinados a unha senda peonil e ciclista con arborado, mentres que a calzada terá dous carrís para o tránsito rodado coas súas correspondentes beiravías. Con cinco rotondas e unha vintena de pasos de peóns sobreelevados para distribuír e calmar a circulación e garantir a seguranza viaria, a nova avenida estará delimitada a unha velocidade máxima de 30 km/h.

Cun investimento de 3,5 millóns de euros, a construción da nova avenida de Tomiño é un proxecto levado a cabo grazas ao convenio de colaboración entre Concello de Tomiño, Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia.

Servizo para baleirar as fosas sépticas

O Concello de Tomiño, a través da Concellería de Medio Ambiente, ofrece á cidadanía o Servizo municipal de Baleirado de Fosas Sépticas, coa finalidade de facilitar o acceso á limpeza de pozos negros e fosas sépticas a todas as vivendas que, pola súa localización, non contan con saneamento.

Para intentar axudar as 2962 vivendas (o 44% dun total de 6692) que aínda non teñen acceso á rede de saneamento, o devandito servizo comezou a funcionar en febreiro 2017. Dende entón realizáronse en 10 meses, 125 baleirados, catro veces máis que no ano 2016 no que se practicaron, por parte de outros xestores autorizados, só 28 baleirados na EDAR de Augas de Galicia.

As principais vantaxes deste servizo, subvencionado en parte polo Concello, son o correcto traslado e xestión dos residuos na correspondente estación depuradora de augas residuais (EDAR); o respecto total ao medio ambiente e á sanidade; a facilidade e a rapidez, e por último, unha importante bonificación económica para os veciños e veciñas, que so terán que abonar 20 euros polo primeiro baleirado (os primeiros 4 metros cúbicos), gozando da exención de tarifa aqueles fogares que polas súas circuns-



tancias, contan con informe favorable dos Servizos de Benestar Social do Concello.

Para solicitar o Servizo de limpeza de Fosas Sépticas e Pozos Negros, o titular da vivenda debe dirixirse primeiro á empresa AQUALIA e pedir un certificado de non estar conectado á rede de saneamento, ou ben, estar situado a máis de 50 metros da mesma (se está a menos é obrigatorio conectarse). Asemade, debe pasar polo Concello para inscribirse no Rexistro de Fosas Sépticas e Pozos Negros do Concello e cubrir unha solicitude (de autorización para o baleirado), que se cubre so a primeira vez que se solicita o servizo.

O titular debe pagar previamente as taxas correspondentes (20 euros polos primeiros 4m3 e 40 euros para o resto, dentro do mesmo ano natural). Para facelo pode recoller o impreso no departamento de Intervención do Concello, ou conseguilo vía web (<https://tomino.gal/medio-ambiente/>).

GOLOSO
Golosinas
Helados
Snacks
Refrescos
Tartas de Gominolas
Artículos de Regalo

Calle Oia n 8 - TUI Tel: 886 135 477
661 53 56 95
facebook.com/golasotui

Somos Diferentes
Endulzate la vida

Especialistas en Dulces Suscos

M&R
ESTILISTAS

C/ Alcalde Casal Aboy, Nº21 Bajo - TUI
myr.tui.estelistas@gmail.com

986 604 444 682 800 754

TODOS OS XOVES NA
A TABERNA tui

Pulpo á Feira
PULPEIROS
ARENTEIRO
do Carballiño
T. 030 034 104

TAMBIÉN PARA LLEVAR PARA CASA

BAIXO MIÑO

A GUARDA

O xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño arranca en Fitur 2019 o seu Plan Estratéxico de Turismo

Os alcaldes e alcaldesas dos municipios integrados no Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño reuníronse este xoves 24 de xaneiro no stand de Galicia na Feria Internacional de Turismo de Madrid, Fitur 2019, para dar o pistoletazo de saída e comezar a creación dun Plan Estratéxico de Turismo que definirá as liñas mestras coas que todos os municipios implicados (Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, O Rosal, Tomiño e Tui) busca-

rán a atracción de visitantes nos próximos exercicios. A realización desta acción conta co apoio da Axencia de Turismo de Galicia.

O obxectivo final do Plan é mellorar a competitividade turística do xeodestino Ría de Vigo – Baixo Miño desenvolvendo produtos turísticos comercializables. Todos estes produtos terán como base os recursos turísticos do patrimonio, da cultura e de espazos naturais e paisaxísticos, así como de elementos identitarios e de tradición. Igualmente contarase cos axentes do sector para a

súa posta en marcha en diversos mercados.

Varios son os retos aos que se enfronta o xeodestino: a mellora na experiencia turística do visitante, a sustentabilidade omnipresente no sector turístico, a mellora na comercialización de produtos tanto en mercados nacionais como internacionais, a promoción dunha oferta de calidade, etc...

O plan contará cun apartado específico de comunicación e, entre outras accións, crearase unha web específica. Será nes-



ta web onde se facilite o proceso de participación para que calquera profesional ou a propia cidadanía poidan deixar as súas achegas.

Dos produtos turísticos comercializables que resulten do Plan seleccionárase un deles para a súa posta en funciona-

mento e investirase para a comercialización neste exercicio 2019 en colaboración coa iniciativa privada.

A finalidade do Plan será a definición de prioridades para o investimento de recursos que poidan conseguir o xeodestino nos próximos exercicios.

O BNG presenta unha moción en apoio as traballadoras do Centro de Saúde

O Bloque Nacionalista Galego presentou unha moción para ser discutida en pleno no que se insta á Consellería de Sanidade e ao SERGAS a negociar cos traballadores da sanidade pública as demandas laborais presentadas polo colectivo, así como amosar a solidariedade do pobo da Guarda ante a situación que están a vivir.

Hai máis de 10 meses as traballadoras dos PAC presentaron por escrito unha táboa de reivindicacións que recollían as necesidades deste colectivo para realizar o traballo en condicións de seguridade e con calidade asistencial. Entre as reivindicacións están os equipos paritarios enfermería-persoal médico, dotación de necesidades dos PAC, cumprimento da normativa europea de tempo de traballo, dotación de equipos de protección individualizados, etc.

Para o BNG a situación é insostible e consecuencia da política sanitaria do PP, que levou a unha degradación de tal calibre dos servizos sanitarios que fixo poñer en pé de guerra aos traballadores e traballadoras dos PAC.



Para o BNG é preocupante a situación na que está deixando o PP a sanidade galega, en especial os servizos sanitarios da Guarda.

“Dende o BNG levamos anos reclamando unha serie de melloras para o entro de Saúde da Guarda: mellora do servizo de urxencias, implantación dun servizo de radioloxía, unha ambulancia medicalizada, ... e o PP negou todas estas reivindicacións para a Guarda”, comentou Anxo Baz, portavoz municipal do BNG.

O BNG presentou unha serie de emendas aos orzamentos da Xunta para o ano 2019 no que se inclúen melloras para o PAC da Guarda como un servizo de radioloxía, unha ambulancia medicalizada ou a mellora do servizo de urxencias.

As toalliñas e bastoncillos provocan atascos na rede de saneamento

O Concello da Guarda a través da Concellería de Medio Ambiente e da Concellería de Servizos ven de facer un chamamento conxunto a toda a cidadanía para evitar que materiais como as toalliñas desechables e os bastoncillos non cheguen á rede de saneamento municipal, xa que provocan atascos e o deterioro das tubaxes e estacións de bombeo, en detrimento da calidade deste servizo, provocando ademais un impacto negativo no medio ambiente.

Recentemente, técnicos municipais tiveron que realizar unha limpeza exhaustiva de boa parte do sistema de saneamento da vila a consecuencia dos atascos provocados por este tipo de materiais, que, en ningunha circunstancia, deberían de chegar á rede de saneamento.

Este tipo de atascos e reparacións son cada vez máis comúns, o que significa un custe cada vez maior



para as arcas municipais, polo que se fai un chamamento ao seu uso responsable á vez que se anuncia unha campaña de sensibilización sobre o efecto negativo que unha acción tan sinxela coma tirar estes materiais ao WC pode ocasionar.

A GUARDA

A Guarda contratará a 15 traballadores ao abeiro do Plan Concellos da Deputación

O Concello da Guarda contratará proximamente a 15 persoas desempregadas grazas ao Plan de Conservación e funcionamento de bens e servizos municipais da Deputación de Pontevedra.

Neste senso A Guarda pedirá traballadores para Auxiliares do Camión do lixo(2), Oficiais de Albanel(1), Peóns de desbroce(1), Varredores(2),

Limpeza de praias(4), Auxiliares de Cultura(1), Animadores Socioculturais(1), Técnicos Informáticos(1) e Técnicos de información de Turismo(1).

Dependendo do posto a desempeñar a xornada será parcial ou completa e a duración do contrato oscila entre os 6 e os 9 meses.

Todas as persoas interesa-

das a optar a un destes postos de traballo deberán de estar inscritas coma demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia nas categorías correspondentes e empadroadas no Concello da Guarda. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

Excepcional acollida na sesión de "Contos contados" na Biblioteca Municipal

O sábado 26 de xaneiro a Biblioteca Pública Municipal da Guarda organizou unha nova sesión de «Contos contados» coa que conmemorar o Día da Ilustración e o aniversario do nacemento de Castelao (que se celebra o 30 de xaneiro).

Neste caso a actividade comezou ás 11:30 horas contando cunha gran afluencia de persoas, na súa meirande parte nenos e nenas de curta idade acompañados polos



seus pais e familiares.

A actividade consistiu en contar "Cuentos silenciosos", de Benjamín Lacombe, unha obra ilustrada en tres dimensións que lle da vida e volume a contos tradicionais dun xeito sorprendente, que fixo, sen

dúbida, as delicias dos máis cativos e cativas da casa.

A continuación, realizouse un obradoiro que consistiu en decorar un mural con ilustracións adicadas a Castelao e unha pequena sorpresa para levar á casa.

O Servizo Galego de Saúde asume os gastos de mantemento do Centro de Saúde da Guarda



O pasado día 15 de xaneiro de 2019 o Alcalde da Guarda, Antonio Lomba e María Jesús Piñeiro, Directora Xeral de Recursos Económicos do SERGAS, asinaron o acordo para a asunción dos gastos do Centro de Saúde PAC da Guarda por parte da Consellería de Sanidade, unha vella reivindicación, trala cal o Concello da Guarda cede a titularidade do Centro de Saúde á Consellería de Sanidade.

Unha vez finalizado este proceso de cesión o SERGAS é o encargado de asumir os gastos de funcionamento desta infraestrutura, na que as arcas municipais da Guarda investiron no ano 2018 un total de

48.537,60 euros.

O Concello da Guarda comprometeuse a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos necesarios, remitiendo previamente toda a documentación e facilitando toda a información solicitada pola Xerencia de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde para evitar problemas no proceso de cambio de titularidade dos contratos de subministración existentes ata esta data.

A decisión de iniciar este procedemento fora xa adoptada nun acordo plenario de xaneiro de 2009, facendo unha rectificación do Inventario de Bens Municipais para poder ceder esta titularidade á Consellería de Sanidade.



Cerveira e Tomiño reciben distintos premios en 2018 polas súas iniciativas a prol da cidadanía

Xunto ao premio polo Orzamento Participativo Transfronteirizo que desenvolven conxuntamente, Tomiño foi recoñecido co selo de Cidade da Infancia e de Mercado Excelente e Cerveira polas súas iniciativas enerxéticas e medioambientais

Os concellos de Cerveira e Tomiño conseguiron ao longo de 2018 varios premios polas boas prácticas que cada un dos municipios leva desenvolvendo dende hai tempo arredor de diversas áreas. Así, nos últimos meses, ademais do recoñecemento conxunto polas súas iniciativas de participación cidadá, o concello galego recibiu dous galardóns polo seu traballo a prol da infancia e do comercio local e o municipio luso polas súas iniciativas medioambientais. Estes premios recoñecen o compromiso de ambos os dous municipios na implantación de distintas medidas para unha transformación real dos concellos cara unha gobernanza común e na procura dunha maior calidade de vida para toda a cidadanía.

O primeiro premio do 2018 chegou da man do Orzamento Participativo Transfronteirizo (OPT), unha iniciativa conxunta que Cerveira e Tomiño puxeron en marcha en 2016 co obxectivo de involucrar á cidadanía dos dous municipios veciños na formulación de solucións para necesidades comúns.

O OPT foi elixido como unha das cinco mellores iniciativas de participación cidadá en Portugal no Premio de Boas Prácticas de Participación 2017, un certame posto en marcha pola Rede de Autarquías Participativas lusas que busca incentivar a implementación, difusión e posta en valor de prácticas innovadoras de democracia participativa a nivel local. A iniciativa conseguiu a segunda mellor puntuación na avaliación do xurado, tan só por detrás e a 60 décimas do Orçamento Participativo Jovem de Cascais.

Tomiño, Mercado Excelente e Cidade amiga da infancia

O compromiso de Tomiño coa infancia e a súa aposta por colocala no centro das políticas locais, xerando mecanismos reais de participación infantil e cunha estratexia a longo prazo para incorporar a nenos, nenas e adolescentes nas políticas e accións de goberno levaron ao concello tomiñés a conseguir en outubro o recoñecemento de UNICEF como Cidade Amiga da Infancia (CAI). Esta distinción supón a culminación dun longo proceso de preparación, pero tamén o inicio



dun novo período no que Tomiño debe levar a cabo accións, dotadas de recursos, e escoitar as opinións dos nenos e nenas que conforman os seus consellos locais de participación infantil e adolescente en todos os temas que lles afectan.

Apenas un mes despois, o concello tomiñés volvía estar de noraboa. A Xunta outorgaba ao Mercado Municipal de Tomiño o primeiro selo de 'Mercado Excelente' de Galicia, un recoñecemento ao traballo colectivo e pola resposta da praza de abastos aos retos de modernización e innovación sen perder a súa esencia, así como pola proximidade e o trato personalizado, a accesibilidade das súas instalacións, a prestación de servizos ou a implicación e integración do mercado na vida social do concello.

A excelencia enerxética e ambiental de Cerveira

A cámara municipal de Cerveira tamén rematou o 2018 con premio, nesta ocasión pola súa 'Eficiencia Enerxética e Renovable no sector público' do Premio Excelencia Enerxética-Ambiental no Alto Miño. Este galardón destaca os bos resultados obtidos polo municipio no proxecto de substitución das luminarias incandescentes existentes por tecnoloxía LED no Terreiro, así como a instalación de novos puntos de luz, todo con fondos propios. Con esta iniciativa o goberno cerveirense conseguiu rematar coas chamadas zonas de sombra ou zonas escuras que había neste barrio, aumentando a sostibilidade, a seguridade e o confort nas rúas e permitindo ao concello reducir de xeito significativo a súa factura enerxética.

A Taberna Tui
TAPAS VARIADAS
TODOS OS XOVES
PULPO A FEIRA
PARA COMER E PARA LEVAR
C/MARISTAS, 26 TUI
TL: 635 50 40 10

Cafe - Bar
SOEIRAS
Tel.: 986 601 796
Pontenova 10b-Guillarei 36700 -Tui (Pontevedra)

ALMACEN URBANO
Vinos
CASAL ABOY 21B-36700 TUI (PONTEVEDRA)
T. +34 986 184 837 - M. + 604 024 160
info@almacenurbanovinos.es
fwww.facebook.com/AlmacenUrbano